Vista solicitude formulada por D<sup>a</sup> Manuela Domínguez Losada, con D.N.I nº: 33.763.911-A con domicilio en Brieiro, 1 (27863 Faro-Viveiro), para realización de obras de construción de vivenda unifamiliar en Portocelo. *POLIGONO N<sup>o</sup> 3. - PARCELAS N<sup>o</sup> 168 E 1029. REFERENCIA CATASTRAL:27025A003001680000JH. REFERENCIA CATASTRAL:27025A003010290000JR.*

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que a edificación que se pretende realizar, de acordo coa documentación presentada, subscrita polo Arquitecto Don Manuel Prieto Martínez, sitúase dentro do area delimitada como Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural. Artigo 103.- Capítulo III. -Normas Subsidiarias do Concello de Xove. Portocelo.-Xove. Achégase no proxecto plano catastral coa referencia correspondente así como a situación da parcela dentro da cartografía catastral asinada polo Arquitecto autor do Proxecto Básico. Artigo 24 da Lei 9/2002 do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro; por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- No proxecto xustifícase, no apartado da Memoria Urbanística. – Datos Comparados, así como no plano de localización nº01, a adaptación do inmovible que se pretende realizar, á vixente Normativa Urbanística.
- A edificación que se pretende, de acordo co proxecto que se achega, adáptase á tipoloxía do contorno.
- As condicións de edificación adaptaránse ao previsto no Artigo 29 da Lei 9/2002 do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro.
- A cuberta deberá ser de lousa para o seu adecuación ao ámbito no que se sitúa.
- Solo se permite unha vivenda unifamiliar por parcela nin vivendas pegadas, nin pareadas.
- No proxecto achegado, no seu apartado 11 da memoria, xustifícase o cumprimento do Código Técnico da Edificación en desenvolvemento do preceptuado na Lei de Ordenación da edificación no referente:
  - Cumprimento e xustificación do DB de seguridade en caso de incendio (DB-SI).
- Co proxecto de execución a debera xustificar o cumprimento do Código Técnico no referente aos apartados de:
  - Cumprimento e xustificación do DB de seguridade de utilización. (DB-SU).
  - Cumprimento e xustificación do DB de enerxía. (DB-HE).
- No proxecto xustifícase a evacuación de augas residuais coa construción dunha fosa séptica, polo que previo á concesión da Licenza de Primeira Ocupación, deberá garantir o cumprimento do previsto no Artigo 29.g da Lei 9/2002 modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro, sobre a esixencia de ter resoltos os servizos básicos da edificación.
- A fosa séptica prevista deberá gardar as distancias regulamentarias con calquera pozo de captación de auga existente e cos predios lindeiros.

- Ao tratarse dun proxecto básico, previo ao inicio das obras e antes da acta de reformulo, deberá presentar nas dependencias municipais, o correspondente proxecto de execución sen o cal non se poden iniciar as obras, así como a designación dos técnicos responsables dos diferentes apartados da execución da obra, director de obra, director de execución e coordinador de seguridade.
- O devandito proxecto de execución deberá presentarse nas dependencias municipais nun prazo non maior de seis meses dende a data do outorgamento da Licenza de Obra.
- Coa achega do proxecto de execución achegárase a correspondente documentación dos técnicos directores de obra, arquitecto e arquitecto técnico, así como o coordinador de seguridade e saúde durante a execución das obras.
- Así mesmo e tendo en conta da situación da parcela, nunha zona de transición entre núcleo rural e de protección de costas, deberá realizar plano de reformulo claramente definido da situación da parcela e da edificación con respecto das diferentes delimitacións de cada area e a superficie resultante de parcela edificable, de acordo coa normativa de núcleo rural e os correspondentes retranqueos a lindeiros e a vía.
- Achegarase igualmente a cédula de identificación catastral da parcela, ou a súa escritura.
- Os devanditos documentos achegaranse conxuntamente co proxecto de execución e para os efectos de comprobación conxunta coa acta de reformulo.
- Recórdase igualmente ao promotor a obrigatoriedade de instalar en lugar visible das obras, un cartel 1,50 metros de lonxitude e 1,00 metros de ancho, en cor branca e texto negro, segundo o formato dispoñible nas dependencias municipais, e que debera cumprirse con todos os seus datos: Promotor das obras, construtor, nº de expediente de licenza, data de inicio e finalización, así como os técnicos directores de obra, arquitecto e arquitecto técnico, ao igual que o coordinador de seguridade e saúde durante a execución das obras.
- Unha vez finalizadas as obras e en condicións de ser utilizada a edificación, o promotor deberá solicitar a correspondente Licenza de Primeira Ocupación de acordo co Artigo 195.6 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro.
- Antes do inicio das obras, por parte dos servizos técnicos municipais, deberá levantar a correspondente acta de reformulo, tanto no que ás aliñacións municipais e no que a normativa se refire con independencia das aliñacións e distancias dependente doutras administracións.
- Os retranqueos a vía, axustaranse ao previsto no Título V: Normas de Ordenación dos Sistemas, Artigo 84 do Capítulo I. -Sistema Viario, das Normas Subsidiarias en vigor do Concello de Xove.
  - Estrada municipal. (vía entre núcleos):
    - Liña de edificación.....10 metros.
    - Liña de cerre.....5,00 metros do eixe (sempre que esta distancia sexa superior a 1,5 metros do bordo).
  - Estrada Diputación. (de Portocelo a Vilacha nº 2607)
    - Liña de edificación.....10 metros.
    - Liña de cerre.....6,00 metros do eixe (sempre que esta distancia sexa superior a 1,5 metros do bordo).

- O ser unha vía dependente da Diputación Provincial, no momento da acta de reformulo, deberase achegar o correspondente permiso de obras de dita Diputación Provincial.
- Así mesmo antes do inicio das obras e conxuntamente coa acta de reformulo, deberase reflectir as áreas de cesión por retranqueo de aliñacións, pasando a devandita cesión a ser espazo de dominio público, e quedara reflectido na correspondente acta de conformidade do reformulo, por parte do promotor.
- Infórmase favorablemente o proxecto presentado.

**OBSERVACIÓNS: non se poderán iniciar as obras sen a achega documental do proxecto de execución e a correspondente documentación adicional así como a obrigatoria acta de reformulo.**

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 79.986,25€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 1.599,73€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

**B.10) SOLICITUDE DE D. JOSE MANUEL FERREIRA LOPEZ RELATIVO A CONSTRUCCIÓN DE MURO DE CONTENCION E PECHE DE PARCELA EN LAMABOA-XOVE.**

Vista solicitude formulada por D. Jose Manuel Ferreira López con D.N.I nº: 77.596.330-B con domicilio en Lamaboa, 15 (27870 Xove), para realización de obras de construción de muro de contención e peche con pedraplenado en límite lateral da súa parcela de acordo co plano adxunto, en Lamaboa nº 15 - Xove.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que de acordo coa documentación que se achega, subscrita pola Arquitecto Dona Belén Rivas Baltar; as obras que se pretenden sitúanse dentro da área delimitada como Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural, de acordo coa vixente Normativa Urbanística do Concello de Xove. Núcleo Rural de Lamaboa – Xove. Núcleo Rural. Artigo 24 da Lei 15/2004 de 9 de decembro de modificación da Lei 9/2002 de 30 de decembro de LOUPMRG; por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- O cerre que se pretende non poderá sobrepasar os 1,50 metros.
- Construírse con muro de bloque de formigón branco ou pintado, ou mampostería concertada.
- Este cerre non poderá impactar negativamente no contorno no que se sitúa.



- As obras que se solicitan, respectarán as alienacións e sinalizacións correspondentes.
- A devandita concédese sen prexuízo a terceiros e única e exclusivamente para os laterais e parte posterior da parcela.
- Durante a execución dos traballos, tomaranse e por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como da vía pola retirada de entullos.
- *Deberase achegar o correspondente informe favorable da Diputación Provincial de Lugo, coas condicións correspondentes se o peche afectase á fronte da parcela.*
- Previo ao inicio das obras, por parte dos servizos técnicos municipais, levantarase a correspondente acta de reformulo.

Carreiteira dependente da Diputación Provincial-(vía entre núcleos):

Liña de cerre frontal .....6,00metros do eixe ( sempre que esta distancia sexa superior a 1,5metros do borde).

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 1.200,00€salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 24,00€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 1 ano para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

### **B.11) SOLICITUDE DE D. ANTONIO RODRIGUEZ SANCHEZ RELATIVO A CONSTRUCCIÓN DE GALPÓN Ó LADO DA SUA VIVENDA EN CASASLONGAS, 10 (LAGO)**

Vista solicitude formulada por D. Antonio Rodríguez Sánchez con D.N.I nº: 76.531.061-X con domicilio en Casaslongas, 10(27878 Lago-Xove), para construción de galpón en Casaslongas, 10 para gardar apeiros de labranza como edificación auxiliar da edificación principal.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que de acordo coa documentación que se achega, subscrita polo interesado, a edificación que se solicita, atópase dentro da area delimitada como Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural, de acordo coas vixentes Normas Subsidiarias do Concello de Xove, e ao amparo do Artigo 24 da Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de Protección do Medio Rural de Galicia. Aplicarase o réxeme previsto para núcleos rurais. Núcleo rural de Alto de Lago ; por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- A edificación que se solicita terá consideración de edificación auxiliar ao servizo da edificación principal. As condicións de edificación ateranse ao especificado no Artigo 25, 27 e 29 da Lei 15/2004 de modificación da Lei 9/2002.

- Tipoloxías e condicións urbanísticas ao amparo do meritado artículo 29.

- Informase favorablemente a solicitude presentada, debendo axustarse as obras na súa totalidade ao solicitado, tanto no que a construción se refire como á súa actividade.

- Os retranqueos a vía, axustaranse ao previsto no Título V: Normas de Ordenación dos Sistemas, Artigo 84 do Capítulo I. -Sistema Viario, das Normas Subsidiarias en vigor do Concello de Xove.

Estrada municipal. (vía entre núcleos):

Liña de edificación.....10 metros.

Liña de cerre.....5,00 metros do eixe (sempre que esta distancia sexa superior a 1,5metros do bordo).

Vías interiores de núcleo:

▪ Edificación consolidada.....4,00metros a eixe.

▪ Edificación non consolidada (illada).....7,00 metros a eixe.

Peche de parcela.....4,00 metros en ambos os dous casos.

- Así mesmo antes do inicio das obras e conxuntamente coa acta de reformulo, se deberan reflectir as areas de cesión por retranqueo de alienacións, pasando a devandita cesión a ser espazo de dominio público.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 2.580,00€salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 51,60€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

## **B.12) SOLICITUDE DE D. JOSÉ PÉREZ LÓPEZ RELATIVO A ARRANXO DE CUBERTA DA VIVIENDA UNIFAMILIAR SITA EN GONDAR, 9 (MONTE).**

Vista solicitude formulada por D. José Pérez López con D.N.I nº: 33763921-J con domicilio en Gondar, 9 (27879 Monte Xove), para realización de obras de arranxo da cuberta da vivenda unifamiliar sita en Gondar, 9 – Monte.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que a vista do plano de emprazamento achegado, subscrito polo interesado, a edificación que se pretende arranxar, sitúase dentro da area delimitada como Solo Non Urbanizable de núcleos rurais, de acordo coas Normas Subsidiarias do Concello de Xove en vigor. Núcleo Rural de; por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- As obras que se pretenden e pola súa condición de obras de reparación, non poderán afectar a elementos estruturais nin suporán aumento de volume.
- Respectarase o primitivo deseño e tipoloxía da edificación e o seu entorno, adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación o previsto no Artigo 29 da Lei 15/2004 de 29 de decembro, de modificación de Lei 9/2002 de Protección do Medio Rural de Galicia, no relativo as condicións de edificación.
- A cuberta deberá ser de lousa.
- Durante a execución dos traballos tomaranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto na execución das obras como da vía.
- Previo o inicio das obras recadarase a presenza dos servizos técnicos municipais, o obxecto de comprobar o estado de replanteo actual da edificación, así como o estado orixinario da edificación, e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, e a súa adaptación a Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de Protección do Medio Rural de Galicia.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 3.000,00€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 60,00€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 1 ano para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

### **B.13) SOLICITUD DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENCIA DE APERTURA ESTABLECEMENTO DE INMOBILIARIA SITUADA EN XOVE**

Vista solicitude de D<sup>a</sup> Maria Angeles Diaz Perez en representación de Marxove C.B, con D.N.I.:76564325-Q con domicilio en calle Avda. Diputación 28-bajo (27870 Xove) en representación da entidade “Marxove C.B.” de cambio de titularidade de licenza de apertura de establecemento sito en (Xove), que en la actualidade figura a nome de Inmobiliaria Marxove S.L para que figure como novo titular Marxove C.B.

Visto así mesmo que con fecha 27 de marzo do 2007, expediuse a licenza municipal para apertura de establecemento en Xove.

Vista acta de inspección de actividades do Arquitecto Técnico Municipal que manifesta que de acordo coa solicitude de cambio de titularidade de licenza de apertura de establecemento como oficina inmobiliaria, instada por Dona María Angeles Díaz Pérez en representación de Marxove C.B.

Persoado o técnico que suscribe no establecemento, puido constatar que o local o cal o cambio de titularidade se pretende, continua coa mesma actividade, para a que no seu día se concedeu a oportuna licenza municipal, a favor de Inmobiliaria Marxove S.L, reunindo as condicións de solidez e seguridade, para a explotación da mesma, así como

o cumprimento da S.I. de protección contra incendios, coa existencia de extintores en regra e as saídas de evacuación correctas.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en votación ordinaria acordase:

1º) Autorizar o cambio de titularidade da licenza de apertura de establecemento de INMOBILIARIA MARXOVE S.L sita en Avda. Diputación N°28 Bajo (Xove) para que sexa substituído como titular MARXOVE C.B.

2º) Facultar á Alcaldía - Presidencia para a realización de cantos actos, trámites o xestións sexan procedentes para el bo fin dos acordos adoptados.

**B.14) SOLICITUDE DE D. ANTONIO PERNAS GOMEZ, RELATIVO A AMPLIACION DE PLANTA BAIXA PARA GARAXE EN PATIO INTERIOR DE MAZÁ, EN AVDA. DIPUTACIÓN, 18 (XOVE).**

Vista solicitude formulada por D. Antonio Pernas Gomez, con D.N.I nº: 33764361 - Q con domicilio en Veiga, 40 (27879 Rigueira), para realización de obras de ampliación de planta baixa para garaxe en patio interior de mazá en Avda. Diputación nº 18 –Xove. Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que as obras de ampliación de planta baixa que se pretenden realizar, de acordo coa documentación que se achega, suscrita polo interesado, atópanse dentro do núcleo urbano de Xove; por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- Esta ampliación, polas súas características de edificación auxiliar para garaxe, non poderán situarse na fachada da parcela, dentro dos 14 metros do fondo edificable, sendo a súa situación dentro da área previsto como patio de mazá.
- As instalacións necesarias para á realización destes traballos, deberán estar perfectamente valladas, na zona de arcen, coas sinalizacións correspondentes, así como a disposición correspondente de luces de sinalización en horas nocturnas, pola súa situación en plena zona urbana.
- As instalacións auxiliares e a propia obra, disporán do correspondente seguro de responsabilidade civil.
- O contorno da instalación deberá estar perfectamente limpo.
- Deberase satisfacer as taxas correspondentes por ocupación de vía pública, durante o tempo de permanencia de ditas instalacións.
- Tendo en conta que de acordo coa documentación que se achega, as obras que se pretende, terán consideración de obra menor e pola súa condición de obras de acondicionamento non poderán afectar a elementos estruturais, nin suporán aumento de volume da edificación principal.
- Respetarase o primitivo deseño e tipoloxía da edificación e contorno, adaptándose na súa totalidade estas obras de remozamento o solicitado.
- Estas obras non poderán impactar negativamente no contorno no que se sitúa.
- Durante a execución dos traballos, tomaranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto na execución das obras como da vía.
- Antes do inicio das obras, por parte dos servizos técnicos municipais, deberase levantar o correspondente trazado de planta.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo

pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 1.000,00€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 20,00€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

#### **B.15) SOLICITUDE DE D<sup>a</sup>. MARIA DEL PILAR BOIX OCHANDO, PARA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR SITA EN ALDEA DE ABAIXO, S/N (MORAS).**

Vista solicitude formulada por D<sup>a</sup>. María del Pilar Boix Ochando con D.N.I. nº:125538 - G, con domicilio en Aldea de Abaixo, 3 (27876 Moras) na que pide a expedición de certificación de Licenza de Primeira Ocupación, para vivenda unifamiliar, sita en Aldea de Abaixo, S/n – Moras.

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal, no que sinala en relación ás obras a cal licenza de 1ª utilización se solicita o seguinte:“

*Obra prevista no proxecto:* Edificio para vivenda unifamiliar en Aldea de Abaixo – Xove. Vivenda unifamiliar composta de unha planta de vivenda.

*Obra executada:* Vivenda unifamiliar composta de unha planta baixa para vivenda, totalmente executada e en perfectas condicións de habitabilidade.

*Certifico:* Que a execución material das obras reseñadas encóntranse satisfeitas, de acordo coas prescricións técnicas pertinentes e cumpren coas condicións mínimas de habitabilidade de acordo co Decreto 311/1992 de 12 de novembro da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

O volume da obra executada, e coincidente co proxecto presentado mediante o cal se obtivo a pertinente licenza municipal.

A edificación, encóntrase executada na súa totalidade e adáptase a vixente Normativa Urbanística do Concello de Xove.

Ordenanza de aplicación.- Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural.- A obra executada, adaptase a Normativa.- Vivenda totalmente executada, rematada interiormente e exteriormente, podéndose outorgar a correspondente Licenza de Primeira Ocupación.”

Visto o disposto na Ordenanza Reguladora, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión de Licenza de Primeira Ocupación, de vivenda sita en Aldea de Abaixo, S/n - Morás, que se realizou baixo a dirección facultativa e de acordo co proxecto para o que foi concedido licenza, toda vez que xa foi informado favorablemente polo Arquitecto Técnico Director das obras a que se fixo referencia, e conforme á certificación achegada.

2º) A aprobación da liquidación practicada según a fixación efectuada polo Arquitecto Técnico Municipal.

3º) A expedición de licenza de Primeira Ocupación, efectuándose a valoración das taxas según importe de proxecto e ascendendo estas a 493,83€

4º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa correspondente, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

#### **B.16) SOLICITUDE DE D. RAMÓN MENDEZ PRADO, PARA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN EN CALLE PUMARIÑO Nº6 XOVE**

Vista solicitude formulada por D. Ramón Méndez Pardo con D.N.I. nº:33676201A, con domicilio en Calle Pumariño Nº6 (27870 Xove), na que solicita a expedición de certificación de licenza de primeira ocupación, para vivenda sita en Calle Pumariño Nº6 Xove.

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal, no que sinala en relación ás obras a cal licenza de 1ª Utilización se solicita o seguinte:

Que de acordo coa documentación aportada, suscrita polo Arquitecto director das obras, D. Ramiro Cociña Orol; certifícase que o volume, da obra solicitada e aprobada, en fecha 23 de decembro de 2004, encontrase totalmente executada e en condicións de ser habitada.

Visto o disposto na Ordenanza Reguladora, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión de Licenza de Primeira Ocupación, de vivenda sita en Calle Pumariño Nº6 Xove, que se realizou baixo a dirección facultativa e de acordo co proxecto para o que foi concedido licenza, toda vez que xa foi informado favorablemente polo Arquitecto Técnico Director das obras a que se fixo referencia, e conforme á certificación achegada.

2º) A aprobación da liquidación practicada según a fixación efectuada polo Arquitecto Técnico Municipal.

3º) A expedición de licenza de Primeira Ocupación, efectuándose a valoración das taxas según importe de proxecto e ascendendo estas a 222,20€

4º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa correspondente, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

#### **B.17) SOLICITUDE DE D. MANUEL CANOURA FERNÁNDEZ RELATIVO A CONSTRUCCIÓN DE GALIÑEIRO EN VEIGA-RIGUEIRA.**

Vista solicitude formulada por D. Manuel Canoura Fernández con D.N.I nº: 76536439Y con domicilio en Veiga, 4 (27879- Rigueira), para realización de obras de construción de galiñeiro de 6X3 metros por detrais da súa casa vivenda en Veiga, 4 Rigueira.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que de acordo coa documentación aportada, suscrita polo interesado, a instalación auxiliar que se pretende realizar, encontrase dentro da área delimitada como chan non urbanizable de núcleo rural, de acordo coas vixentes normas subsidiarias do Concello de Xove, e o amparo do artigo 24 da Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de Protección do Medio Rural de Galicia; por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- Aplicarase o réxime previsto para núcleos rurais.
- A edificación que se solicita, terá consideración de edificación auxiliar o servizo da edificación principal. As condicións de edificación atenderanse o especificado no artigo 25, 27 e 29 da lei 15/2004 de modificación da lei 9/2002.
- Tipoloxías e condicións urbanísticas o amparo do meritado artigo 29.
- Materiais: Cerramentos en mampostería concertada ou bloque de formigón pintado ou calquer material compatible co entorno no que se ubica, tal como malla plastificada en color.
- Altura máxima da instalación... 2,50 metros.
- Informase favorablemente a solicitude presentada, debendo axustarse as obras na súa totalidade o solicitado, tanto no que a construción se refire como a súa actividade.
- Asimesmo as obras que se pretenden, non poderán impactar negativamente no entorno no que se ubican.
- Os retranqueos a vial, axustaranse o previsto no título V: normas de ordenación dos sistemas, Artigo 84 do Capítulo I.-Sistema viario, das normas subsidiarias en vigor do Concello de Xove.
- Previo o inicio da obra recabarase a presenza dos servizos técnicos municipais, o obxecto levantar a correspondente acta de replanteo.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 300,00€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 6,00€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses, e 1 ano para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

#### **B.18) INFORME MUNICIPAL NO EXPEDIENTE DE ACTIVIDADES REGULADAS, DE INSTALACIÓN DE CENTRAL DE FABRICACIÓN DE FORMIGÓN, INSTADO POR HORMIGONES A MARIÑA S.L.**

Examinado o expediente promovido por Hormigones A Mariña S.L. en virtude de instancia nº1814 de data 5 de xuño de 2007, solicitando Licenza Municipal para a instalación, apertura e funcionamento dunha central de Fabricación de Formigón no Polígono Industrial de Camba-Xuances; actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado por Decreto 2414/1.961 de 30 de novembro.

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite por Decreto da Alcaldía, de data 5 de xuño de 2007.

RESULTANDO: Que se cumpriron os trámites de información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos e incorporando os informes do Xefe Local de Sanidade, e dos técnicos congruentes coa natureza da actividade.

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe en extensión e detalle as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadá e a súa adecuación ó medio ambiente.

CONSIDERANDO: Que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona nas normas subsidiarias vixentes, non está en contradición co disposto en acordos e Ordenanzas Municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio, que resulte incompatible.

CONSIDERANDO: Que na zona ou nas súas proximidades non concorren outras actividades análogas xeradoras de efectos aditivos.

Vistos o Decreto 2414/61 de 30 de novembro, e demais disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade en votación ordinaria, acorda:

1º) Informar favorablemente a concesión de Licenza Municipal instada por Hormigones a Mariña S.L. para a instalación de Central de Fabricación de formigón no Polígono Industrial de Camba-Xuances-Xove.

2º) Dar traslado do expediente completo á Comisión Provincial do Medio Ambiente, aos efectos previstos no 33 do referido regulamento.

#### **B.19) SOLICITUDE DE D. MARCELINO RODRIGUEZ ALVAREZ, RELATIVO A CERRE E ALPENDRE EN ANCIL-LAGO.**

Vista solicitude formulada por D. Marcelino Rodriguez Alvarez con D.N.I nº: 33.835.331-P con domicilio en Barxa nº 14 (27878 Lago), para realización de obras de cerre con destino a canceira de 3 x 5 metros, e dentro do mesmo 1 alpendre de 12 m/2 en barxa Nº 14 Lago. –Xove.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que de acordo coa documentación que se achega, subscrita pola interesada, a edificación que se solicita, atopa dentro do area delimitada como Chan non Urbanizable de Núcleo rural, de acordo coas vixentes normas subsidiarias do Concello de Xove, e ao amparo do Artigo 24 da Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de Protección do Medio Rural de Galicia; por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- Aplicácese o réxeme previsto para núcleos rurais.
- A edificación que se solicita, terá consideración de edificación auxiliar ao servizo da edificación principal. as condicións de edificación se aterán ao especificado no Artigo 25, 27 e 29 da Lei 15/2004 de modificación da Lei 9/2002.
- Tipologías e condicións urbanísticas ao amparo do meritado artigo 29.
- materiais: Cerramentos en mampostería concertada ou bloque de hormigon pintado, podendo realizarse igualmente con malla plastificada que non produza impacto no ámbito en que se sitúa. Cuberta de lousa.
- Altura máxima da edificación....3,50 metros.



- Infórmase favorablemente a solicitude presentada, debendo axustarse as obras na súa totalidade ao solicitado, tanto no que á construción se refire coma á súa actividade.
- Así mesmo as obras que se pretenden, non poderán impactar negativamente no ámbito en que se sitúan
- Os retranqueos a vial, axustaranse ao previsto no título V: Normas de Ordenación dos sistemas, Artigo 84 do Capítulo I. -Sistema viario, das Normas Subsidiarias en vigor do Concello de Xove.
- Previo ao inicio das obras solicítase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto levantar a correspondente acta de reformulo para a instalación auxiliar que se pretende.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 600€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 12€

4º) Fíxase un prazo para inicio das obras de 1 mes, e 1 ano para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

**B.20) SOLICITUDE DE D. FRANCISCO SIERRA GONZÁLEZ, RELATIVO A ARRANXO DE FACHADA E CUBERTA EN VIVENDA SITA EN SAN CRISTOBO-PORTOCELO.**

Vista solicitude formulada por D. Francisco Sierra González, con D.N.I nº: 10.581.881-H con domicilio en c/ Ingeniero Fernando Casariego, 18 5º C (33930 Langreo Asturias), para realización de obras de arranxo de fachada e tellado en vivenda sita en San Cristobo-Portocelo.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que á vista do plano de localización achegada, subscrito polo interesado, a edificación o tellado da cal e fachada preténdese remozar, sitúase dentro do area delimitada como Chan non Urbanizable de Núcleos Rurais, de acordo coas normas subsidiarias de Xove, en vigor. Núcleo rural de San Cristobal ; por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- As obras que se pretenden, e polo sua condición de obras de reparación, non poderán afectar a elementos estruturais, nin supondran aumento de volume.
- Respetarase o primitivo deseño e tipología da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación ao previsto no artigo 29 da Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da lei 9/2002 de Protección do Medio Rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación.
- A cuberta deberá ser de lousa.

- Durante a execución dos traballos, tomaranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial.
- Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o estado orixinario da edificación, e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, e a súa adaptación á Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección de protección do medio rural de Galicia.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 18.000€salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 360€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses, e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

### **B.21) SOLICITUDE DE D. PAULINO GONZÁLEZ FERNANDEZ, RELATIVO A LIMPEZA E ACONDICIONAMENTO DE PARCELAS NO POLIGONO INDUSTRIAL DE CAMBA-XUANCES.**

Vista solicitude formulada por D. Paulino González Fernández, con D.N.I nº: 33.790.620-D con domicilio en castelo, 6 (27850 Magazos Viveiro), para realización de obras de limpeza e acondicionamento de Parcela no Polígono Industrial de Camba.-parcelas nº 51 y 52. Xuances.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que de acordo coa documentación achegada polo solicitante, as obras que se pretenden, sitúanse dentro do area delimitada como parque empresarial do Polígono Industrial de Camba, nas parcelas 51 e 52 do devandito polígono; por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

